CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA ( NARÓN)

R/ Marcial Calvo, 1
15570 Xuvia – Narón (A CORUÑA)
Tlf./fax: 981 38 30 20
E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es

O Ministerio de Sanidade vén de publicar os novos protocolos de xestión epidemiolóxica en centros educativos.

Aspectos principais a ter en conta:

• As persoas da comunidade educativa que sexan caso confirmado deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento. Nin o alumnado, nin o persoal do centro, en ningún caso require de proba algunha para reincorporarse ao centro.

• Os autotest non requirirán dunha proba complementaria para confirmar o caso.

• A definición de contacto estreito non variou: persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2m dun caso positivo ata as 48h antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica) sen uso axeitado de medidas de protección (máscara).

• O persoal docente e non docente, así como o alumnado de 12 ou máis anos, que teña a consideración de contacto estreito seguirá as indicacións de corentena que se propoñen para a poboación xeral de acordo á Adaptación da Estratexia de detección precoz, vixilancia e control, publicada o día 30 de decembro de 2021. Así, ***as persoas con pauta vacinal completa***, *salvo as excepcións previstas no documento citado*, ***non terán que facer corentena.***

• No caso de alumnado menor de 12 anos, ante a aparición dun primeiro caso nunha aula e ata un total de 4, o alumnado non realizará corentena, independentemente do seu estado vacinal.

• Ante agrupacións de casos (5 ou máis casos confirmados de infección activa), seguiranse as pautas xerais para a determinación das corentenas dos contactos estreitos. Esta corentena será de 7 días desde o inicio de síntomas do último caso confirmado (sempre que non se desenvolvan síntomas durante este período).

• Os centros de educación especial considéranse contornos vulnerables e aplícaselles o indicado na Adaptación da Estratexia de detección precoz, vixilancia e control.

Pregámoslles que sexan moi cautos e ante a aparición de calquera síntoma compatible co virus NON ACUDIR AO CENTRO E CHAMAR AOS SERVIZOS SANITARIOS.

**CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA ( NARÓN)**

**R/ Marcial Calvo, 1**
**15570 Xuvia – Narón (A CORUÑA)**
**Tlf./fax: 981 38 30 20**
**E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es**

ANEXOS

• Propuesta de refuerzo y adaptación de las medidas de prevención COVID-19 en centros educativos y centros universitarios para el reinicio de la actividad presencial en enero de 2022.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Refuerzo_y_adaptacion_medidas_educ_univ.pdf

• Adaptación de la guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos a un contexto de alta circulación de virus SARS-CoV-2 0

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Adaptacion_Guia_Centros_Educativos.pdf

• Infografía de refuerzo de medidas COVID-19 centros educativos

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Refuerzo_medidas_covid_centros_educativos.pdf